



Un premio que convirte a Ourense en capital da biodiversidade

***A cidade das Burgas está de noraboa xa que durante esta semana foi recoñecida coma “capital da biodiversidade” pola protección das súas especies autóctonas de flora e de fauna.

Este galardón que outorga a Fundación Biodiversidad, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, premia o traballo do Concello de Ourense en materia ambiental polas súas iniciativas a prol da biodiversida-

de. Por esta razón, o alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez, foi o encargado de viaxar a Madrid o pasado mércores para recoller este galardón de mans de Ana Leiva, presidenta da Fundación Diversidade, e Luis Martínez Herrero, presidente do Observatorio de Sostenibilidade.

Este compromiso co medio ambiente maniféstase no alto grao de cumprimento de 13 dos 23 indicadores

de biodiversidade que se inclúen no Convenio da Diversidade Biolóxica do denominado “Índice de Singapur”.

VALORACIÓN

Para a concesión deste recoñecemento foron especialmente valorados a presenza e conservación de especies autóctonas e a promoción de áreas en materia ambiental na cidade. Este galardón valora tamén a conectividade entre as zonas verdes de

Ourense que se materializa en iniciativa como a ruta medioambiental entre Untes e Outariz.

Outros oito municipios do estado tamén foron premiados pola Fundación Biodiversidad: Astillero (Cantabria), Oso (Ávila), Granollers (Barcelona), Lleida, Miajadas (Cáceres), Monleras (Salamanca), Palau-Solità i Plegamans (Barcelona) e Puebla de Sanabria (Zamora). ■